



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO



APOIO A NOVAS E NOVOS
ENTRANTES
NO ACCESO A TERRAS

» EXPERIENCIAS INSPIRADORAS



XUNTA
DE GALICIA



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Este documento foi elaborado polo Grupo Operativo TERRACTIVA. TERRACTIVA desenvolve ferramentas de apoio á incorporación no sector agrario de persoas novas entrantes. Son organizacións parceiras do proxecto a Escola de Formación Agraria de Fonteboa, a Sociedade Cooperativa Galega Horsal SCG, a Fundación Juana de Vega, a Asociación de Desenvolvemento Rural "Mariñas-Betanzos" e o Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela. Colaboran Slow Food Compostela e as empresas produtoras Granxas de Lousada SC e Eloy Galán.

Proxecto beneficiario das axudas para a execución de proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Data: Marzo de 2024

Elaboración: Nieves Pérez Rodríguez, Lucía Trancón Loureiro e Quico Ónega López (Laboratorio do Territorio-USC), Guillermina Fernández Villar (EFA Fonteboa)

Contouse coas achegas e revisión de Fernando Veiga (Horsal SCG), José Gil Facorro (EFA Fonteboa) e Miguel Fernández (Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos)

Maquetación: Pablo Gulín Díaz | Empapelarte

Licencia: Este traballo publícase baixo unha licencia Creative Commons Atribución-Compartir igual 4.0 Internacional.

<https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>



TÁBOA DE CONTIDOS

INTRODUCCIÓN 5

EXPERIENCIAS E FERRAMENTAS DE APOIO AO ACCESO Á TERRA: UNHA OLLADA A OUTRAS REXIÓNS EUROPEAS 7

Reino Unido – Escocia 7

Reino Unido - Gales..... 8

Francia 10

Irlanda..... 14

Austria 16

Portugal..... 18

España..... 19

Cataluña 20

País Vasco..... 20

Castilla León 20

Illes Balears 20

Extremadura..... 21

Comunidad Valenciana 21

Outras iniciativas 21

Galicia 22

RESUMO DAS INICIATIVAS E EXPERIENCIAS 25

INSTRUMENTOS DE MOBILIDADE E XESTIÓN DE TERRAS EN GALICIA 27

Instrumentos de mobilidade de terras 27

Banco de terras 27

Banco de explotacións..... 29

Permutas de especial interese agrario..... 30

Instrumentos de xestión e de recuperación de terras..... 31

Polígonos agroforestais..... 31

Agrupacións e actuación de xestión conxunta..... 35

Aldeas modelo 36

A EXPERIENCIA DE NOVAS E NOVOS ENTRANTES EN GALICIA NO ACCESO Á TERRA 39



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO



Introducción

APOIO AOS NOVOS ENTRANTES NO ACCESO A TERRAS



INTRODUCCIÓN

O relevo demográfico na agricultura Europea, e en particular na galega, pasa ineludiblemente pola incorporación de persoas alleas ao sector agrario. Son chamadas Novas e Novos Entrantes pola nova Política Agraria Común. O seu papel no futuro do modelo agrario é chave unha vez que o relevo familiar clásico, de sucesión intra-familiar, xa non asegura a viabilidade dun número suficiente de granxas debido, en boa medida, a cuestións demográficas.

Porén, ese tipo de novas incorporacións afronta unha serie de dificultades propias que requiren dunha abordaxe específica e decidida. Ese é o obxectivo do **proxecto TERRACTIVA**, que desenvolve ferramentas e recomendacións para aquelas entidades e organizacións que, dun xeito ou doutro, ofrecen apoio e acompañan ás persoas que, procedendo doutros ámbitos profesionais e mesmo vitais, deciden emprender por primeira vez no sector agrario.

Un dos maiores retos para este colectivo é acceder a terra suficiente en cantidade e calidade. Este documento recolle unha serie de experiencias de interese de apoio ao acceso á terra de persoas Novas Entrantes (NE) en diversas rexións europeas, incluídos exemplos do resto do Estado. No seu conxunto, son unha fonte de inspiración sobre as formas diversas de como se pode facilitar o acceso á terra agraria para as persoas que buscan o seu camiño na agricultura, ao tempo que en moitos casos se facilita a continuidade de granxas existentes que, doutro xeito, se verían abocadas ao peche.

Os exemplos aquí recollidos complementan a *Guía de recomendacións para o apoio a novas e novos entrantes no acceso á terra*, accesible nesta **ligazón**.



<https://terractiva.es>



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO



Experiencias e ferramentas de apoio ao acceso á terra

Unha ollada a outras rexións europeas



EXPERIENCIAS E FERRAMENTAS DE APOIO AO ACCESO Á TERRA: UNHA OLLADA A OUTRAS REXIÓNS EUROPEAS

Nos últimos anos a cuestión do acceso á terra por parte de novas persoas agricultoras, en particular as novas entrantes, ten gañado atención no contexto europeo, aínda que polo xeral fundamentalmente por parte dos niveis local e rexional. En numerosas ocasións os estudos e iniciativas teñen sido impulsadas por organizacións non gobernamentais traballando no eido dos sistemas alimentarios sustentables ou da transición agroecolóxica. Porén, tamén os gobernos dos Estados e as institucións europeas semellan prestar máis atención a este aspecto nos últimos anos, e en particular no contexto da recente reforma da Política Agraria Común (PAC). Cabe citar ademais as chamadas á acción por parte do Parlamento Europeo, tanto alertando sobre os riscos da concentración da terra agraria¹, como da importancia de impulsar o relevo xeracional e, en particular, do acceso á terra das persoas agricultoras mozas e novas entrantes². En España, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación impulsou o **Grupo Focal sobre Acceso á Terra** no marco da elaboración do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027, recoñecendo a importancia do acceso á terra, en particular por eses colectivos, no futuro do sector.

No contexto europeo a Rede **ACCESSTOLAND** (*European network of grassroots organisations securing land for agroecological farming*) é a iniciativa máis significativa, que ten como finalidade reunir a

organizacións de toda Europa, co fin de compartir experiencias e concienciar sobre a importancia do acceso á terra tanto para a transición agroecolóxica como para o relevo xeracional. Esta rede estableceuse en 2012 como unha rede informal e conta con 15 **organizacións** entre os seus membros. ACCESSTOLAND ten elaborado diversos materiais con recomendacións e exemplos de ferramentas para o apoio no acceso á terra.

Ademais, cada país deseñou as súas propias ferramentas, tentando dar resposta ás diferentes realidades relacionadas coa terra agraria.

A continuación recóllese unha escolma daquelas iniciativas que buscan apoiar a NE na busca e acceso a terras para o seu proxecto e, deste xeito, contribuír tamén a manter a superficie agrícola, e por tanto manter o dinamismo e sostibilidade do sector agrario.

Reino Unido – Escocia

O **Scottish Land Matching Service** (SLMS) de Escocia (<https://slms.scot/>) é un servizo gratuíto que busca reestruturar o sector agropecuario escocés, impulsado por trece organizacións vencelladas ao sector agrario e á xestión de terras (como a Comisión Escocesa da Terra, o Servizo de Aconsellamento Agrario Escocés, a Unión Nacional de Agricultores ou o Instituto Escocés de Taxación, entre outras). Creouse no 2019 en resposta ás preocupacións do sector agrario sobre a falta de oportunidades para novas e novos entrantes, particularmente en relación á dispoñibilidade de terras agrícolas en Escocia e á dificultade para acceder ao financiamento. Ofrece un banco de oportunidades relacionadas coa terra, tanto de oferta como de demanda, así como un servizo de asesoramento e acompañamento personalizado no momento de escoller,


¹ **REPORT** on the state of play of farmland concentration in the EU: how to facilitate the access to land for farmers.

² **Research** for AGRI Committee - Young farmers - Policy implementation after the 2013 CAP reform.

formalizar e desenvolver os acordos sobre as terras e as explotacións agrarias que mellor se adapten ás partes involucradas (perfis oferentes e demandantes).

Imaxe 1. Portal do Scottish Land Matching Service (SLMS)

Fonte: <https://slms.scot/>



Pola súa banda, a **Scottish Land Commission (Comisión Escocesa da Terra)**, unha das organizacións socias do SLMS, dedica unha atención especial ao perfil de novo entrante dentro da súa área de actuación centrada no impulso e mellora dos arrendamentos agrarios. Nesa liña, ten producido nos últimos dous anos diversas guías prácticas, explorando novos modelos e estruturas para aumentar a dispoñibilidade de terreos para NE, así como para proporcionar orientación práctica sobre os modelos de empresas conxuntas (entre persoas novas entrantes e agricultoras que cesan na actividade). Por exemplo:

Developing Business Incubators for Agriculture (Wheeler, 2019. Developing Business Incubators for Agriculture. Scottish Land Commission)

A GUIDE TO – Joint Ventures with New Entrants (SLC, 2018)

Increasing the Availability of Farmland for New Entrants to Agriculture in Scotland (McKee et al., 2018)

Outro dos membros que impulsan o SLMS é o **Servizo de aconsellamento agrario de Escocia (Farm Advisory System)**, que conta cunha importante liña de acción centrada no apoio a NE. Ademais dun servizo integral de titorización e acompañamento mediante un programa de mentorización, o FAS tamén ten elaborado material divulgativo audiovisual diverso con recomendacións moi prácticas para o acceso á terra. A continuación recóllense uns exemplos inspiradores:

- » **Acquiring Land Through Seasonal Land And Tenancy**
- » **Acquiring Land Through Purchase**
- » **Acquiring Land Through Contract or Share Farming**

Reino Unido – Gales

De xeito semellante á veciña Escocia, o país de Gales ten establecido un servizo de aconsellamento agrario integral financiado por parte dos fondos de desenvolvemento rural da PAC (**Farming connect**). Boa parte do servizo é gratuito para as persoas agricultoras. Dentro do servizo inclúense apoio tanto a novas entrantes como, e en especial, nos procesos de transferencia de explotacións.

Dentro dese marco, **Farming Connect** pode actuar como intermediario entre as persoas agricultoras e propietarias de terras que buscan retirarse, ou ben asociarse con novas entrantes que buscan instalarse no sector, en



busca dunha cesión definitiva. O servizo guía ás persoas de ámbolos dous lados a través dos pasos clave necesarios para atopar unha posible persoa socia ou nova titular. O paquete de apoio ofrece un servizo de emparellamento, titorización, planificación empresarial e asesoramento xurídico para proporcionar orientación en cada fase do acordo de transferencia ou de colaboración. No seu conxunto, trátase do Venture Programme, que conta coa seguinte **guía**.


Na súa web publican oportunidades de explotacións dispoñibles, e as persoas interesadas poden subscribirse a unha lista de correo para seren informadas. Tamén se

ofrece un servizo de acompañamento personalizado por parte dun 'facilitador da sucesión/transferencia'.

Complementariamente organizan actividades formativas na materia (seminarios, cursos) e elaboran diversos materiais divulgativos, incluídos podcasts e vídeos (como por exemplo este cunn **panel de catro novos entrantes**).

Imaxe 2. Páxinas 4 e 5 da guía Venture Handbook, Supporting Joint Ventures in Wales

Fonte: https://businesswales.gov.wales/farmingconnect/sites/farmingconnect/files/documents/cff_venturebooklet.pdf



Francia

Francia caracterízase por unha tradición robusta de protección e xestión da terra agropecuaria, dentro da cal se inclúen diferentes mecanismos e ferramentas para apoiar a persoas agricultoras, existentes ou novas, no acceso á terra. Se ben moitos deses mecanismos aséntanse en marcos institucionais, legais e técnicos dificilmente transferibles a outros contextos de xeito directo, algúns deles si poden ser de inspiración e, en parte, aplicables no noso contexto.

As **Cámaras de Agricultura de Francia**, coa colaboración do Ministerio de Agricultura e a Unión de Xoves Agricultores, xestionan os chamados **Puntos de Acceso á Instalación** (PAI), onde se articula de xeito integral un conxunto de recursos para o apoio ás persoas que se incorporan á agricultura, sexan sucesoras tradicionais ou novas entrantes. O chamado dispositivo de acompañamento á incorporación beneficia a máis de 5.000 persoas anualmente en Francia.

Imaxe 3. Portal do Point Accueil Installation (PAI), dependente do Ministerio de Agricultura e Alimentación de Francia

Fonte: <https://www.sinstallerenagriculture.fr/>



Tamén en materia de acceso á terra por parte de NE, son varios os recursos e estruturas

dedicadas en Francia. Porén, polo seu grao de implantación e importancia territorial, cabe mencionar as propias Cámaras de Agricultura, as SAFER e a asociación Terre de Liens.

O Directorio de Cese e Instalación mantido polas Cámaras de Agricultura funciona como un Banco de Explotacións no que se listan aquelas explotacións que a persoa agricultora ou gandeira actual ofrece para alugueiro ou venta. O directorio online permite filtrar por diversos parámetros as explotacións existentes, así como manifestar interese por algunha delas. Para cada departamento, o persoal técnico da Cámara Agraria correspondente actúa de enlace entre as persoas que pretenden ceder e as candidatas a instalarse, aínda que o rol concreto e intensidade co que o fan depende do Departamento e dos recursos puntuais cos que conte. Ademais, no marco do Directorio organízanse eventos informativos en torno á incorporación a explotación agraria.


As Sociedades de **Xestión Fundiaria e Establecemento Rural** (SAFER) naceron nos anos 60 coa misión de asegurar a distribución, ordenación e protección axeitadas das terras agrarias. Actualmente, entre outras tarefas, actúan de intermediarias entre as persoas vendedoras e as potenciais compradoras, melloran as estruturas agrícolas destinadas á agricultura, e observan o mercado da terra na súa rexión desempeñando un papel regulador de mercado. As SAFER, que teñen unha estrutura territorializada a nivel rexional³, están autorizadas por un período transitorio de 5 anos a conservar a propiedade dos terreos adquiridos e celebrar contratos de arrendamento (Convenio de Ocupación Precaria – COPP). A lexislación outórgalle un

³ Doce na Francia continental, unha na illa de Córcega e treas nas rexións de ultramar (Reunión, Martinica e Guadalupe)

dereito de adquisición preferente (tenteo), para cada transacción de propiedade agrícola. Para iso os notarios envían ás SAFER unha notificación ou DIA (Declaración de Intención de Allear), para que leve a cabo un proceso de consulta. O obxectivo é manter a vocación agrícola da propiedade, a escalada de prezos, promover o desenvolvemento local e protexer o medio ambiente. As SAFER tamén contan cos CMD, ou acordos de provisión, que dan ás persoas propietarias a posibilidade de confiarlles a xestión do alugueiro dos seus terreos agrícolas.

Imaxe 4. Portal da Sociedade de Xestión Fundiaria e Establecemento Rural (SAFER)

Fonte: <https://www.safer.fr/>




No seu conxunto son ferramentas clave no mercado de terras agrarias de Francia, e nese marco asumen un rol central en moitos procesos de incorporación á agricultura. No 2021, as SAFER venderon 41.400 hectáreas a persoas agricultoras que se instalaron, un total de 1.740, estando un 72% das instalacións apoiadas fóra do ámbito familiar. Case un 15% da superficie dedicouse a proxectos de agricultura ecolóxica. Nese mesmo ano estableceron uns 7.400 acordos de cesión con axentes propietarios privados e públicos, poñendo así 100.100 ha de superficie agraria a disposición de agricultores e agricultoras (SAFER, 2021).

En canto ao procedemento estándar, as SAFER:

- » Adquiren propiedades agrícolas ou rurais ofrecidas en venta
- » Establecen un prezo de acordo co vendedor (será o mesmo para os compradores potenciais)
- » Anuncia as terras e **explotacións dispoñibles no seu portal**, e recibe as solicitudes sobre as mesmas
- » Organiza comités técnicos con persoal interesado a nivel local (profesionais agrícolas, funcionarios, etc.) para examinar todos os proxectos das persoas candidatas a incorporarse nas explotacións ou terras con demanda
- » Tendo en conta a opinión deses comités, as SAFER identifican ás persoas candidatas cuxo proxecto encaixa mellor no tecido local e véndelles a propiedade
- » Non só intermedia: no proceso tamén ordena, reestrutura e racionaliza as terras agrarias

Imaxe 5. Portal para oferta de terras e explotacións dispoñibles da SAFER

Fonte: <https://www.proprietes-rurales.com/>



A través da súa ampla rede de oficinas por todo o territorio francés e dos seus portais web, as SAFER acompañan en todo o proceso de incorporación. Na propia web dispoñen dunha sección onde calquera persoa pode crear, previo rexistro, un 'proxecto de incorporación' como punto de partida no itinerario de acompañamento. Aquelas persoas interesadas en vender ou recibir aconsellamento de xestión ás súas propiedades agrarias ou explotacións, tamén dispoñen dun formulario web para iniciar o contacto.

Tódalas propiedades dispoñibles contan cunha descrición exhaustiva e actualizada.

Ademais da súa infraestrutura técnica e humana, as SAFER dispoñibilizan diversa información de relevancia para as novas entrantes a través da súa páxina web, como informes exhaustivos sobre prezos da terra agraria ou vídeos divulgativos de experiencias previas doutras entrantes.


Terre de Liens (<https://terredeliens.org/>) defínese como unha asociación cívica que permite adquirir terras agrícolas para instalar unha nova xeración de persoas agricultoras en granxas ecolóxicas, impulsando o vínculo entre as persoas dedicadas á agricultura e o resto da cidadanía, ao tempo que fomentan a biodiversidade e a conservación do solo. Creada no ano 2003, actualmente é unha federación de 19 asociacións implantadas en todo o territorio francés, cada con propia autonomía, inda que dentro dun marco común. Unhas das súas actividades principais é o apoio a proxectos de adquisición de terras e de atracción de novas persoas ao sector agrario mediante: identificación de terras por parte da cidadanía; acollida e asesoramento de futuras persoas agricultoras no acceso á terra; apoio a proxectos colectivos e cívicos de adquisición de terras (como distintos tipos de agrupacións agrarias); exame e validación

previa dos expedientes de adquisición de fincas por parte de Terre de Liens; seguimento das fincas adquiridas; e organización de grupos locais de apoio ás explotacións.

Na actualidade, a Federación conta no seu conxunto con máis de 38.000 membros, e ten adquirido máis de 8.000 hectáreas de terra agraria que pon a disposición de novas persoas agricultoras en máis de 300 explotacións. Tamén conta con 1.200 persoas voluntarias que participan en diferentes actividades, incluído o apoio a NE.

Imaxe 6. Visor do portal Terre de Liens no que se mostran as granxas con terras dispoñibles, para transmisión ou apoio económico

Fonte: <https://fermes.terredeliens.org/national/hub-ferme/>



A adquisición de terras faise por medio dun fondo de terra (La Foncière Terre de Liens), que conta co seu capital formado por achegas da cidadanía e institucións privadas (diferentes tipos de doazóns, patrocinados, etc.) que optan por investir no proxecto. Tódalas

adquisicións quedan suxeitas ao compromiso de manter o uso agrario no longo prazo e de asegurar unhas prácticas agroambientais determinadas. As terras non se volven a vender, permanecen na Foncière, e chégase a acordos de cesión coas novas agricultoras.

En base a toda a experiencia acumulada, Terre de Liens ten elaborado e actualizado a guía **'Trouver une terre pour mon projet agricole'** (Atopar unha terra para o meu proxecto agrícola), dedicada tanto a persoas novas entrantes como as entidades que os acompañan. A guía persigue axudar á persoa co proxecto de incorporación a estruturar a busca de terreos; avaliar a idoneidade dos

terreos atopados para o proxecto de instalación; considerar as condicións de alugueiro ou compra deses terreos; tanto ofrecendo metodoloxías como referencias. Este recurso, xunto con outros dispoñibles no portal web de Terre de Liens, é de grande inspiración para aquelas entidades que apoien a novas e novos entrantes, aínda sendo conscientes de que se desenvolve para o marco francés.

Imaxe 7. Extracto da páxina 13 da guía práctica **'Trouver une terre pour mon projet agricole'** da asociación Terre de Liens

Fonte: <https://ressources.terredeliens.org/les-ressources/trouver-une-terre-pour-mon-projet-agricole>

2. RECHERCHER UNE TERRE POUR ACCUEILLIR SON PROJET

En clarifiant son projet et en définissant précisément ses critères, le porteur de projet met toutes les chances de son côté pour entamer la phase de recherche de foncier. En effet, cette recherche implique de mobiliser des acteurs et outils différents, ces ressources pouvant varier d'un projet à l'autre, voire d'un territoire à l'autre pour un projet similaire. Il n'y a donc pas de recette miracle ou de stratégie toute faite 100% garantie.

Chercher du foncier, c'est long !

Selon les régions, les contextes fonciers ou les critères de recherche, la période de recherche de foncier peut prendre quelques semaines à quelques mois, voir dépasser les 2-3 ans. Pendant cette période, il s'agit aussi de continuer à nourrir son projet par des rencontres et des expériences. La recherche de foncier n'a en cela rien de commun avec la recherche d'un appartement ou d'une maison.



Irlanda

O **Land Mobility Service** (<https://landmobility.ie/>) é esencialmente un servizo de facilitación e mediación para a transferencia de terras e/ou de explotacións, o impulso de fórmulas colaborativas entre persoas agricultoras cedentes e novas entrantes ou entre agricultoras, así como de asesoramento de persoas agricultoras en proceso de xubilación. Autodefínese coma un servizo de apoio confidencial que permite ás persoas que están pensando na expansión, no cambio de sector ou en retirarse, explorar as opcións sobre que facer coas súas terras/explotacións. Tamén axuda a conectar esta potencial oferta coa demanda.

O *Land Mobility Service* é unha iniciativa de Macra na Feirme, a asociación de mozos e mozas rurais de Irlanda⁴, co respaldo financeiro de FBD Trust, a principal aseguradora no eido agrario en Irlanda, e que foi creada con carácter piloto no 2015 nun ámbito xeográfico reducido. Nos últimos anos consolidouse e foi gañando apoio doutras organizacións do eido agrario e rural (incluíndo o Departamento de Agricultura e industria agroalimentaria, asociacións agrarias sectoriais, o TEAGASC, entre outros).

O servizo conta na actualidade con tres facilitadores, que se ocupan de identificar e facilitar diferentes tipos de acordos que implican a transferencia de explotacións e/ou terras ou a creación de novas fórmulas colaborativas para a súa xestión.

Resaltan o rol de 'mediador imparcial' para que todas as partes se sintan respectadas, e en particular os propietarios da terra e das explotacións. A finalidade do servizo é, segundo o propio LMS, *"facilitar acordos de colaboración adaptados a cada situación específica. Estes arranxos poden ser tan sinxelos ou tan complexos como se desexe. Deben ser viables para todas as partes implicadas e poden estar dentro ou fóra da familia ou unha combinación de ambas. En moitos casos prevese que os arranxos evolucionen co paso do tempo, para axudar a desenvolver explotacións agrícolas dinámicas, progresivas e rendibles"*.

Tal e como se recolle na seguinte imaxe, o proceso de facilitación e apoio que segue comprende sete fases: concienciación sobre o servizo dos potenciais interesados/usuarios, recepción e categorización de solicitudes e asignación de persoal técnico facilitador; explicación do servizo á persoa interesada; acordo de colaboración co SLM e exploración das opcións existentes para o caso particular (neste momento aplícase unha tarifa de unión ao servizo); identificación de persoas novas entrantes (sexa como colaboradoras, ou como cesionarias completas) e guiado no proceso de selección para ambas partes, dun xeito confidencial, así como esbozo do plan de xestión; formalización legal dos acordos; apoio na implantación dos acordos e plan de xestión.


Imaxe 8. Fases do proceso de facilitación e apoio propostas polo Land Mobility Service de Irlanda

Fonte: <https://landmobility.ie/wp-content/uploads/2023/01/Land-Mobility-Booklet-2023-FINAL.pdf>

⁴ Inicialmente unha asociación de persoas agricultoras mozas, Macra na Feirme ten evolucionado cara unha asociación de persoas mozas (18 a 35 anos) vivindo e traballando no rural, con máis de 10.000 membros/as na actualidade. Un 33% dedícase á agricultura e o resto teñen outras ocupacións laborais no rural irlandés.



The Land Mobility Service Facilitation and Support Process



O LMS identifica e analiza, para cada caso, diferentes tipos de arranxos colaborativos ou de cesión das explotacións. Deste xeito exploran coas partes interesadas que modelos se axeitan mellor ás súas expectativas, situación persoal, obxectivos e recursos. En concreto, de partida contemplan cinco tipos de arranxos posibles:

- » Arrendamento a longo prazo: a persoa propietaria pon a terra a disposición da arrendataria por un período prolongado.
- » Cría por contrato: a persoa propietaria libera terra para a persoa dona do animal.
- » Agricultura compartida: propietaria e agricultora comparten cultivo no mesmo terreo, chegando a un acordo mutuo de

como se vai a cultivar, quen proporciona os insumos e a man de obra e como se divide a produción.

- » Muxido compartido: arranxos específicos para as granxas de vacún de leite.
- » Asociacións: onde dúas ou máis persoas se unen para a actividade agraria.


Na súa web poden atoparse anuncios tanto de oferta como de demanda de explotacións, indicando o tipo de acordo proposto, articulados a través do *Irish Farmers Journal* (tamén impulsado por *Macra na Feirme*), punto de información principal para ditos anuncios.

Ademais, recolle exemplos de casos de éxito a modo inspirador así como unha serie de materiais divulgativos relevantes para os procesos de transferencia en Irlanda.

Por outra banda, o LMS xunto con outros parceiros europeos desenvolveu o proxecto **LandMobility.eu**, no que se prepararon diferentes materiais formativos para o apoio ao emprendemento agrario.

Imaxe 9. Portal do Teagasc, sección sobre acordos colaborativos agrícolas

Fonte: <https://www.teagasc.ie/rural-economy/farm-management/collaborative-farming/>



Tamén en Irlanda, o **Teagasc – Agricultura and Food Development Authority** (<https://www.teagasc.ie/>), o principal organismo nacional que brinda servizos de investigación, asesoramento e capacitación á industria agrícola e alimentaria e ás comunidades rurais, tamén presta atención á cuestión do relevo xeracional e á incorporación de novas e novos entrantes. En materia de acceso á terra, céntranse sobre todo en facilitar a transferencia de explotacións en funcionamento no seu conxunto, en particular explorando e asesorando en acordos extra-familiares cando non existe unha persoa sucesora no seo da familia agricultora. O Teagasc ten feito investigación para coñecer mellor eses procesos e ten tamén desenvolto diverso material divulgativo, incluídos casos de éxito a modo inspirador. Boa parte deses


materiais están dispoñibles na súa web, tanto na sección de '**agricultura colaborativa**' como na de '**sucesión**' (incluídos moitos vídeos curtos). Ademais, outra das funcións do servizo de aconsellamento do Teagasc é a de acompañar este tipo de procesos, proporcionando información e recomendacións, así como facilitando o acordo entre as partes.

Austria

A atención ao relevo xeracional na agricultura ten aumentado tamén en Austria nos últimos anos, inda que, como en boa parte dos casos xa mencionados, o interese e accións concretas viñeron lideradas en boa medida por parte de organizacións non gobernamentais.

Imaxe 10. Portal para servizo e aconsellamento na sucesión de granxas Hof sucht Bauer

Fonte: <https://www.hofsuchtbauer.de/>



A fundación sen ánimo de lucro **Agrarkultur leben gGmbH** impulsa o **Hof sucht Bauer**, un servizo de información e aconsellamento sobre sucesión e incorporación á agricultura. Céntrase fundamentalmente en facilitar a transferencia extra-familiar de explotacións agrarias, para o cal contan cunha sección en liña de oferta e demanda. Ofrecen asesoramento para aqueles que demanden un servizo de facilitación na busca dun acordo de transferencia. Na propia páxina web fornecen

de recomendacións tanto a posibles oferentes –persoas agricultoras sen sucesión que buscan alguén para transferirlle a explotación– como demandantes –persoas que buscan oportunidades para incorporarse á actividade agraria–.

Pola súa banda, a **Asociación Perspective Agriculture Perspektive Landwirtschaft**, fundada en 2013 por un grupo de estudantes de Boku (Universidade Agronómica de Viena), céntrase no acceso á terra, a sucesión extra-familiar nas explotacións agrarias e o cambio estrutural do sector en xeral.

O portal web ofrece unha guía sobre os procesos de incorporación e/ou transferencia da granxa, estruturada nas cinco fases que se identifican como importantes, así como referencias a recursos e información práctica para cada unha desas fases (incluídos aspectos legais, fiscais, empresariais, formativos, entre outros). Explican as diferentes opcións e marcos xurídicos nos que se podería realizar a transferencia da explotacións/terras no seu contexto. Cabe salientar que a web ten dispoñibles auto-tests tanto para persoas agricultoras sen relevo que queiran ceder a súa explotación a un terceiro como para novas entrantes.

Conforman un conxunto de preguntas de auto-avaliación para delimitar ben as motivacións, expectativas e punto de partida en calquera dos dous casos (oferente e demandante) e pretenden axudar ás persoas interesadas a definir ben a súa situación actual e visión de futuro.

Á súa vez, a asociación tamén ofrece asesoramento personalizado a demanda das posibles persoas interesadas.

Complementariamente crean espazos de encontro entre oferta e demanda de terras/granxas e contan cunha sección específica na súa web con ofertas e demandas de explotacións agrarias. Para facer pleno uso de tódolos recursos, é preciso facerse membro/a da asociación co pago dunha pequena cota anual.


Imaxe 11. Esquema do proceso para incorporación ou transferencia de granxas da Asociación Perspektive Landwirtschaft

Fonte: <https://www.perspektive-landwirtschaft.at/infobereich/prozess/>



Imaxe 12. Demandas de particulares no portal da Asociación Perspektive Landwirtschaft

Fonte: <https://www.perspektive-landwirtschaft.at/perspektiven-suche/hofsuchende/>



Están apoiados por outras asociacións como a **ÖBV** que é a asociación austríaca de pequenos agricultores que forman parte do movemento “Vía Campesina”, a **Lebensqualität Bauernhof**, que é unha iniciativa educativa e informativa a nivel nacional de apoio a persoas agricultoras en situacións especiais de vida, e a **Bäuerinnen Österreich** que é un grupo de traballo de mulleres agricultoras.

As **Cámaras de Agricultura de Austria** (Landwirtschaftskammer Österreich), dentro do seu **servizo integral de aconsellamento** e apoio ao sector, tamén levan a cabo accións formativas e de aconsellamento para a transferencia de granxas a **nivel extra-familiar**. Neste caso prestan especial atención aos aspectos legais e patrimoniais. Ademais de asesorar de forma directa, dispoñibilizan abundosa información na súa web abordando diversas situacións e modelos de transferencia. En particular, no 2020 e en colaboración con outras organizacións, teñen elaborado a guía *Neuer Leitfaden für die erfolgreiche Hofübernahme* (Guía para unha transferencia da explotación con éxito).

A **Fundación Munus - Soil for a Good Life** (sen ánimo de lucro) articula doazóns e aportacións dos membros para crear un fondo de terras dedicado á conservación medioambiental e á instalación de iniciativas de produción agroecolóxica, normalmente en clave colectiva e comunitaria. Mantén colaboración estreita coa asociación **Perspektive Landwirtschaft**, antes mencionada.

Portugal

En Portugal, a nivel nacional, contan coa **Bolsa Nacional de Terras (Bolsa Nacional de Terras)**, un instrumento creado pola **Lei nº62/2012**. A entidade xestora é o Ministerio de Agricultura, a través da Dirección-Geral de Agricultura e Desenvolvemento Rural (DGADR).

A bolsa permite dispoñibilizar terreo para alugueiro, venda ou outro tipo de transferencia cando non están en uso. Baséase nos principios de universalidade e voluntariedade.

Imaxe 13. Esquema do instrumento Bolsa Nacional de Terras, coas entidades participantes

Fonte: https://www.bolsanacionaldeterras.pt/a_prop.php



Resumo das fases de disponibilidade de terrores na Bolsa de Terras, incluindo as partes interessadas

As persoas interesadas en acceder ás ofertas de solo poden consultar libremente a información facilitada polas persoas propietarias. A solicitude de terreos pertencentes a entidades privadas ou outras entidades públicas realízase mediante contacto directo coa parte propietaria, a través dos medios que esta facilite ou a través do formulario de contacto asociado ao terreo, co fin de obter a información requirida ou programar unha visita ao predio.

A Bolsa de Terras non interfere no proceso de negociación entre as partes, limitándose a facilitar a correspondencia entre oferta e demanda.

A nivel local, tamén existen iniciativas interesantes, como a desenvolvida pola **Asociación terra sintrópica** en colaboración co Concello de Mértola e outras entidades locais, propietarias e agricultoras locais, que está a desenvolver un Programa piloto de Intercambio de Terras para o desenvolvemento de proxectos hortícolas. Os obxectivos deste proxecto inclúen a finalidade de rexenerar antigas hortas abandonadas, producindo alimentos saudables e locais para a comunidade; xerar oportunidades de autoemprego para persoas residentes e non residentes en situación de desemprego ou en busca de oportunidades; diversificar e abastecer a economía local, aumentar a soberanía alimentaria local e mellorar os ecosistemas.

Tamén a nivel local, o municipio de Sintra conta cun **Programa Municipal de Disponibilização de Terras do Município de Sintra**, que ten por obxecto poñer a disposición para o seu arrendamento, venda ou outra forma de cesión, os predios de titularidade municipal ou pertencentes a entidades privadas, aptas para tales fins, coordinando e difundindo información a través dunha **plataforma electrónica**

municipal gratuíta e voluntaria. Pretende promover o uso da terra para fins agrícolas, forestais e silvopastorais, dispoñibilizar información e poñer en contacto ás persoas propietarias dos terreos e ás interesadas en empregalos.

Imaxe 14. Anuncio do Programa Bolsa de Terras da Asociación Terra Sintrópica

Fonte: <https://terrasintropica.com/projetos/bolsa-de-terras/>



España

A cuestión do acceso á terra na agricultura, e para persoas novas entrantes e agricultoras mozas en particular, ten gañado en atención política e técnica nos últimos anos en España, sobre todo no marco das discusións asociadas á nova PAC. Nese contexto o MAPA (Ministerio de Agricultura e Alimentación) impulsou o **Grupo Focal de Acceso á Terra** no ano 2020, cuxos resultados inclúen unha serie de recomendacións e ideas para facilitar e apoiar e ese colectivo na procura de base territorial para incorporarse á actividade agraria. Porén, a implementación de boa parte desas accións é desigual no territorio e depende competencialmente de múltiples organizacións, con diferente grao de descentralización.



Nos últimos anos xurdiron diversas iniciativas do tipo de banco de terras en diferentes territorios do Estado, impulsadas por diferentes organizacións públicas e, ás veces, privadas. No seu conxunto amosan diversidade en canto ao alcance e grao de apoio e ao estado de desenvolvemento. Recollemos a continuación algúns de interese:

Cataluña

Xarxa de Bancs de Terres de Catalunya, impulsado pola Deputación de Barcelona, é unha plataforma no marco do proxecto BCN Smart Rural que pretende implementar unha estratexia intelixente para o desenvolvemento agrícola no rural de Barcelona. Ten por obxectivo dinamizar o mercado da terra para facelo accesible aos emprendedores do sector agrogandeiro e recuperar terreos en desuso para xerar emprego e evitar o abandono da actividade agraria. Trátase dun banco de terras en rede aglutinadas nunha plataforma virtual que recolle información de todos os bancos de terras de “proximidade”:

- » **Banco Rural de Montserrat**
- » **Banco de Terras da Vall del Ges, Bisaura e Orís**
- » **Banco de Terras da Rede de Soberanía Alimentaria da Catalunya Central**
- » **Banco de Terras do Parque Agrario do Baix Llobregat**
- » **Banco de terras do Baix Camp**
- » **Banco de Terras do Priorat**
- » **Banco de Terras de Mataró**
- » **Banco de Terras da Ebrebiosfera**

- » **Banco de Terras de Sant Vicenç dels Horts**
- » **Banco de Terras de Torrelles de Llobregat**
- » **Proxecto Coopera**
- » **Banc de Terres de les Garrigues**

Dende estes bancos axudan a buscar terras para quen queira traballala e axudan ás partes propietarias a buscar quen traballe a terra. Unha vez entendidas as partes, elaboran contratos agrarios para dar seguridade aos tratos. O principal obxectivo é buscar coincidencias entre propietarias e potenciais agricultoras para promover o relevo agrícola, evitar o abandono das explotacións e contribuír a impulsar novos proxectos agrarios orientados á produción de calidade.

No ano 2024 publican a “Guía práctica para facilitar o acceso á terra a emprendedores/as agrarios/as”, que inclúe unha revisión da actualidade do sector agrario, do porqué da necesidade de dar apoio ás persoas novas entrantes no sector, e que se dirixe especialmente a entidades locais de acompañamento, propoñendo a creación do que chaman un “Servizo de Acollida Agrícola” (Servei d’Acollida Pagesa, SAP) para dar soporte a NE con ferramentas tales coma bancos de terras, mentorías, viveiros de empresas, espazos test-agrarios, bancos de recursos, etc. A seguinte imaxe recolle os servizos mínimos que dito servizo debería ofrecer a unha persoa emprendedora independentemente da fase na que se atope.

Imaxe 15. Servizos mínimos indicados na Guía propostos para o SAP.

Fonte: https://llibreria.diba.cat/cat/ebook/nova-pagesia_69451



País Vasco

O país Vasco tamén conta con distintas iniciativas orientadas a protexer terras agrícolas dinamizando o mercado mediante a concesión temporal de terras, como o **fondo de solo agrario de Bizkaia**, ou o **fondo de solo agrario de Gipuzkoa**.

Castilla León

No Bierzo o **Banco de Terras do Bierzo** funciona como un centro intermediario creado polo Consello Comarcal do Bierzo, ó fin de mobilizar terreo con vocación agrícola, gandeira ou forestal.

Illes Balears

O **Banco de terras de Mallorca** é un proxecto colectivo promovido por Xarxa M onde participan diferentes entidades e que ten como obxectivo poñer en contacto persoas propietarias de terras agrarias e outras interesadas en cultivalas.

Extremadura

Contan coa **Bolsa de Tierras de Regadíos de Extremadura** (BOTREX), que ten como obxectivo mellorar a estrutura produtiva das explotacións, dinamizando o mercado das terras de regadío a través dunha ferramenta que facilite poñer en contacto ás persoas propietarias das parcelas, interesadas no arrendamento ou venda das mesmas, con persoas agricultoras interesadas na súa explotación.

Imaxe 16. Portal da Bolsa de Terras de Regadíos de Extremadura (BOTREX)

Fonte: <https://bolsatierrasregadio.juntaex.es>



Comunidad Valenciana

Conta con varios bancos de terras, entre eles está o **Banc de Terres de València**, que funciona como un rexistro administrativo municipal.

Tamén na Comunidade Valenciana existe o **Banc de Terres**, dependente da propia Deputación de Valencia, e o **Banco de terras do Concello de Agost**.

Imaxe 17. Portal do Banco de Terras do concello de Valencia

Fonte: <https://valencia.consellagrari.com/es/banco-de-tierras/>



Outras iniciativas

Menos desenvolvidas son o **banco de terras para la huerta murciana**, dependente do Concello de Murcia, cuxa fin é a de dinamizar a horta, recuperar cultivos tradicionais poñendo en valor terras en desuso ou incentivar a agricultura ecolóxica.

Cubrindo o conxunto do nivel estatal cabe citar outra iniciativa relevante e con traxectoria e implantación a nivel práctico: a **Rede TERRAE**, a *Asociación de Municipios Red Territorios Reserva Agroecolóxicos*.

Dita asociación créase no 2010 e intégrase exclusivamente por concellos ou corporacións

locais, na actualidade na súa maioría rurais, e persigue impulsar o desenvolvemento sostible, medioambiental e agroecolóxico locais. A Rede promove diversas actividades no eido da agroecoloxía, e ten un foco específico no eido do acceso á terra, en particular apoiando persoas novas entrantes na agroecoloxía. A Rede creou un **Banco de Terras Agroecolóxicas**, a nivel nacional, para poñer en contacto oferta e demanda.

Imaxe 18. Portal do Banco de Terras Agroecolóxicas

Fonte: <https://bancode.tierrasagroecologicas.es/fines-y-condiciones>



No banco de terras agroecolóxicas prevese a inclusión tanto de terreos públicos, fundamentalmente de titularidade dos municipios integrantes da Rede, como de terreos privados. No caso dos terreos privados, o banco de terras non intervéñen nos acordos entre particulares, pero pode asesorar e mediar entre ambas partes a través dun dinamizador e xestor do banco de terras.

A Rede ofrece formación específica de Dinamizadores de Iniciativas Locais Agroecolóxicas, que inclúe formación en materia de acceso á terra.

Galicia

Ademais do xa coñecido **Banco de Terras de Galicia**, e que se aborda en profundidade no seguinte apartado deste documento, existen outras iniciativas de ámbito local, desenvoltas por diversos tipos de organizacións, como Grupos de Desenvolvemento Rural, Cooperativas ou outro tipo de entidades, polo xeral a nivel local. A continuación recóllense exemplos das mesmas, na súa diversidade tanto no enfoque como no alcance. Non é, nin moito menos, un inventario exhaustivo das iniciativas e experiencias no apoio a persoas novas entrantes no acceso á terra. Trátase, mais ben, de amosar que estas existen, que cobran diferentes formas e, sobre todo, visibilizar que calquera organización pode aportar o seu grao de area nesta materia.

» **Iniciativa Aterra: Aterra** é unha iniciativa pioneira do Grupo de Desenvolvemento Rural de Limia-Arnoia que nace co obxectivo de impulsar novos proxectos agrogandeiros no seu territorio, impulsando a mobilidade de terras e conectando persoas propietarias con demandantes de terra. A iniciativa Aterra configúrase como un sistema de intermediación activa entre persoas propietarias de terras e persoas demandantes. O persoal responsable do mesmo realiza un acompañamento individualizado de cada oferta e demanda de terras, tanto nas opcións de compra-venta como de alugueiro.

Ademais, o GDR está a constituír un fondo de terras por administración propia a través de acordos de xestión con administracións públicas propietarias de terras. O fondo de terras faise accesible ás persoas produtoras interesadas, por parte do propio GDR, a través dunha

convocatoria pública en concorrència para o alugueiro das terras na que se priorizan os modelos produtivos agroecolóxicos. Nesta liña de traballo o GDR é intermediario tamén no tráfico xurídico de tal forma que os contratos de arrendamento son subscritos polo GDR como cedente e, neste caso, actúa dun xeito análogo ao Banco de Terras de Galicia.

Imaxe 19. Portada da web Aterra

Fonte: <https://aterra.gal/>



» **Nó rural** é unha iniciativa de cooperación entre Grupos de Desenvolvemento Rural para o acompañamento da mocidade interesada nas oportunidades das áreas rurais para desenvolver o seu proxecto. Unha das actividades desenvoltas busca identificar e promover a recuperación de terras agrarias, tanto por parte de persoas agricultoras e gandeiras existentes como de novas e novos Entrantes. Está orientado ó acompañamento na aplicación dos instrumentos da Lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia.

Imaxe 20. Portada da web Nó rural

Fonte: <https://norural.laborate.es/>



- » **Viño e Froita, proxecto promotor da identidade territorial**, un proxecto de Cooperación LEADER impulsado polo Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Condado-Paradanta e o GDR Mariñas Betanzos que contempla diversas actividades relacionadas co sector vitivinícola a través das cales se promoverá a identidade territorial, e se busca coñecer as necesidades de terra dos viticultores con máis de 2 ha cultivadas na D.O. Rías Baixas. O proxecto conta con visor propio para facilitar o traballo de campo e a identificación de necesidades.
- » Proxecto comunitario **Epona Terra**, nace en Vigo no 2020 buscando optimizar os recursos locais e cambiando o modelo de consumo actual, baseándose na produción ecolóxica e sostible. Esta asociación leva a cabo unha campaña de obtención de terras en desuso mediante contratos de cesión, poñéndoa a disposición de persoas demandantes, incluíndo axuda na implementación do cultivo con asesoramento e maquinaria. Por outra banda, tamén ofrece un sistema de patrocinio de granxas e cultivos no que os demandantes teñen acceso a produtos dos cultivos da propia asociación.

- » A **Cooperativa Horsal** está a facilitar a persoas produtoras, novas ou xa establecidas, o acceso a invernadoiros de produción hortícola, tanto da súa propiedade como de propiedade de terceiros. Neste último caso a cooperativa tense ocupado, ademais, dos investimentos precisos para o seu axeitado mantemento así como actuado como garantía de cobro para a persoa propietaria. A cooperativa aluga os invernadoiros a persoas socias, que tamén comercializan a súa produción a través da mesma, ao tempo que reciben aconsellamento técnico. Neste senso, a cooperativa realiza un apoio integral, que vai máis aló de axudar no acceso a terra.

No futuro inmediato, a cooperativa ten como estratexia avanzar nesa liña, construíndo novos invernadoiros e alugándoos a persoas produtoras. Este camiño atende a dous obxectivos principais: primeiramente, gañar en base produtiva ou cando menos compensar a redución derivada das xubilacións que se van dando e, en segundo lugar, cumprir coa responsabilidade que Horsal formula co conxunto do sector hortícola de Galicia, moi reducido e en regresión. Nese senso, Horsal quere chegar a máis horticultores que se poidan sumar ao seu proxecto, ademais de apoiar na medida do posible o crecemento das persoas que xa son socias na actualidade. Nese senso, algunhas das persoas produtoras que se incorporaron nos últimos anos están interesadas e dispostas en producir máis, pero teñen dificultade para atopar invernadoiros para alugar e non se ven con capacidade para asumir os investimentos precisos. Todo isto fai que Horsal vexa necesario ter un papel proactivo no apoio ás novas incorporacións e á consolidación das xa realizadas.

- » A **Cooperativa Agraria Provincial da Coruña (CAP)**, nunha liña semellante a Horsal Cooperativa, tamén leva anos a realizar un servizo de intermediación para facilitar o relevo xeneracional que, no seu caso, se centra no sector de vacún de leite.

Constituída en 1980, a CAP é unha cooperativa de segundo grao que agrupa cooperativas gandeiras da provincia de A Coruña. Ademais de contar con dúas granxas de vacún de leite, Granxa O Cancelo e Granxa Esperanza, que son visitables, tamén proporciona servizos de asesoramento técnico e económico ás súas persoas socias, así como acompañamento en proxectos de ampliación e transformación, entre outros servizos. Ademais, dispón de diversos puntos de venda de leite e xeados tanto en Galiza como fora da Comunidade, xa que co leite das súas granxas fabrica de forma artesán xeados.

A nivel de apoio no acceso á terra, a CAP céntrase no nivel de explotación, en liña co exemplo do **Land Mobility Service** irlandés descrito con anterioridade. En concreto, no caso de persoas gandeiras que se van a xubilar, e no caso de non ter relevo xeneracional, a Cooperativa pode buscar continuidade para a explotación de dous xeitos. Nalgún caso, asume de xeito directo a xestión da mesma, contratando a man de obra necesaria e asumindo o control completo (coma os exemplos mencionados). Noutros casos, busca de xeito activo outra persoa que queira incorporarse á explotación e facerse cargo da mesma, sexa por alugueiro ou por adquisición. Dadas as dificultades para esta última vía no caso das ganderías con orientación leiteira –cunha capitalización moi elevada–, a fórmula dominante é o

aluguer. Nese caso os servizos técnicos da CAP axudan a facer unha valoración real da operación, colaborando coas partes na definición dos aspectos económicos e legais do acordo. Ademais, a persoa que se incorpora poderá contar co asesoramento da CAP dende o principio.

- » **Viveiro de Emprendemento Hortícola da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo:** O obxectivo da iniciativa, impulsada polo Grupo de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, era animar a incorporación de persoas na produción hortícola ecolóxica, apoiando ao tempo a súa formación e aprendizaxe. Ademais, ligábase á recuperación de variedades tradicionais e á produción ecolóxica. Para iso o GDR disponibilizaba superficie, con carácter temporal, na que iniciar unha actividade de produción hortícola –como os denominados anteriormente neste documento ‘espazos test’–.

Así, as instalacións funcionaban como “viveiro de empresas” de maneira que as persoas emprendedoras poideran iniciarse na actividade hortícola durante un período limitado de tempo (3 anos), minimizando a incerteza e o risco económico das inversións iniciais. Ademais, o GDR Mariñas-Betanzos prestaba servizos de aconsellamento e asesoramento ás persoas emprendedoras durante a súa estadía.

A iniciativa comezou no ano 2015 nunha parcela en estado de abandono, de case dúas hectáreas, á que o GDR accedera por medio dunha cesión temporal. Na mesma, fixéronse as labours e investimentos necesarios para a posta en produción (incluídos acometidas de auga e enerxía).

Instaláronse dous invernadoiros tipo túnel dunha superficie total de 850 m². A parcela contaba tamén coa certificación ecolóxica dende o primeiro momento. Tódalas melloras realizadas fixéronse con fondos do programa LEADER 2007-2013 complementados con fondos propios do GDR.

Ofrecíase a incorporación ao terreo con facilidade, durante un tempo máximo de tres anos, permitindo acceder sen o desembolso dunha elevada inversión tanto a empresas novas coma a aquelas con pretensión de aumentar a súa superficie ou reorientar a produción.

Imaxe 21. Viveiro de Emprendemento Hortícola da Reserva

Fonte: **GDR Mariñas-Betanzos**



O proxecto desenvolveuse durante varios anos, aínda que na actualidade non está activo debido á interrupción da cesión a favor do GDR. Tamén se estaban a experimentar dificultades vencelladas á produción, por limitacións físicas da propia parcela, que non quedaron completamente solucionadas no momento de acondicionado (drenaxe deficitario en determinadas épocas). Na actualidade o GDR está a considerar retomar o proxecto, tendo en conta as aprendizaxes obtidas na primeira fase.

Nese senso, dende o GDR observan que as empresas beneficiarias non adoitaban contar cun plan de empresa axeitado e a comercialización das producións non estaba asegurada. A pesar de contar con certa formación outorgada pola asociación previa ao acceso á parcela, esta non era suficiente, e iste feito víase agravado pola ausencia de asesoramento técnico especializado ou outro tipo de tutela mediante outras explotacións xa consolidadas da mesma natureza.

Tendo isto en conta, no caso de reactivar esta iniciativa, segundo a perspectiva da entidade, sería clave:

- » **Fomentar a integración das empresas en asociacións de produtores dende o momento inicial**
- » **Buscar colaboracións ou tutelas en empresas xa consolidadas**
- » **Fortalecer a formación previa**
- » **Fomentar -ou exixir- o desenvolvemento dun plan de empresa sólido**
- » **Prever un maior período dende a incorporación ata a obtención duns ingresos mínimos**



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO



Resumo das iniciativas e experiencias

APOIO AOS NOVOS ENTRANTES NO ACCESO A TERRAS



RESUMO DAS INICIATIVAS E EXPERIENCIAS

	Materiais divulgativos e/ou taboleiro de anuncios	Intermediación oferta-demanda	Asesoramento para o acordo	Busca activa de terras	Busca activa de NE	Acompañamento desenvolvemento plan de xestión
Scottish Land Matching Service (Escocia)	●	●	●			●
Farm Advisory System (Escocia)	●					●
Farming Connect (Gales)	●	●	●		●	●
Puntos de Apoio á Instalación-PAI (Francia)						●
SAFER (Francia)	●	●		●	●	●
Directorio de Cese e Instalación (Francia)						
Servizo de transferencia de terras (Irlanda)	●	●	●			
Fundación Agrarkultur leben gmbH (Austria)	●	●	●			
Asociación Perspektive Landwirtschaft (Austria)	●	●	●		●	
Bolsa Nacional de Terras (Portugal)	●	●				
Xarxa de Bancs de Terres (Cataluña)		●				
Fondo de solo agrario de Bizkaia (País Vasco)		●				
Fondo de solo agrario de Guipúzcoa (País Vasco)		●				
Banco de Tierras do Bierzo (Castilla León)		●	●			
Mallorca (Illes Balears)		●				
BOTREX (Extremadura)		●				
Banco de Tierras (C. Valenciana)		●	●			
BT para a horta murciana (Murcia)		●				
BT Agroecolóxicas (España)		●				
Banco de Terras de Galicia		●	●			
Aterra (Galicia)		●	●	●	●	
Nó Rural (Galicia)		●	●	●	●	
Viño e Froita, Condado Paradanta (Galicia)		●	●	●	●	
Epona Terra (Galicia)		●	●			
Horsal		●	●	●		●
CAP		●	●		●	●
Viveiro Emprendemento A.D.R Mariñas-Betanzos	●	●	●	●	●	●



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO



Instrumentos de mobilidade e xestión de terras en Galicia

APOIO AOS NOVOS ENTRANTES NO ACCESO A TERRAS

INSTRUMENTOS DE MOBILIDADE E XESTIÓN DE TERRAS EN GALICIA

Nos últimos lustros téñense desenvolto diversos instrumentos de xestión e impulso da mobilidade de terras en Galicia. Dende a aparición do Banco de Terras de Galicia xa no 2007 ata a aprobación da Lei de Recuperación da Terra Agraria no ano 2021, a mellora da xestión de terras agrarias en xeral, e da súa mobilidade en particular, mantívose no foco da acción pública. Porén, o conxunto de instrumentos dispoñibles na actualidade teñen diverso grao de implantación práctica, así como utilidade desigual aos efectos de apoiar a NE na formación e consolidación da base territorial suficiente para as súas iniciativas produtivas.

A continuación recóllense os principais instrumentos:

Instrumentos de mobilidade de terras

Banco de terras

O Banco de Terras de Galicia (BTG) é un instrumento de mobilidade de terras da Consellería de Medio Rural xestionado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) (**norma reguladora**). O BTG intermedia entre persoas propietarias de fincas que incorporan estas ao BTG e persoas agricultoras que as arrendan, previa solicitude nos períodos habilitados ao efecto. O BTG tamén pon a disposición parcelas propiedade de AGADER (por exemplo, algunhas masas comúns procedentes dos procesos de reestruturación parcelaria) ou aquelas que, sendo de propiedade descoñecida, teñen a súa xestión encomendada á devandita Axencia

(Artigo 19⁵).

Tal como indica o artigo 19.2, *o procedemento de investigación dos predios, incluíndo as edificacións ou construcións que puideren existir neles, poderá ser iniciada de oficio pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ben por iniciativa propia, **por comunicación ou por denuncia**. Neste último caso, do acordo de inicio do procedemento ou, de ser o caso, da súa inadmisibilidade, darase traslado á persoa denunciante*. A modo de exemplo, se unha cooperativa dedicada á horta identificase terreos aptos para o cultivo en estado de abandono, podería instar á consellería, a través da AGADER, a iniciar o procedemento de investigación da propiedade, e unha vez concluído o proceso e de ser o caso poñer a disposición os predios para o seu arrendamento.

A principal ferramenta para o funcionamento do BTG, que tamén permite incorporar e arrendar fincas, é o Sistema de Información de Terras de Galicia (SITEGAL).

O SITEGAL incorpora unha lista actualizada de todas as parcelas dispoñibles no Banco de Terras de Galicia (na sección **Ver parcelas incorporadas**). Na sección Buscar parcelas pódense filtrar as parcelas dispoñibles por diversos criterios de busca. Tamén se pode solicitar esa información nas **Oficinas Agrarias Comarcais** ou nas oficinas centrais do Banco de Terras en Santiago.

⁵ As parcelas que se poden incorporar son: masas comúns das concentracións/reestruturacións parcelarias con acordo firme posterior á lei 10/1985, os predios adquiridos por Agader para mobilizalos ou tras un proceso de investigación (Lei 11/2021), os predios de outras entidades públicas que cedan a xestión ou os adscriban a Agader, os MVMC cando se extinga ou desapareza a súa comunidade ou sexan declarados en estado de grave abandono ou degradación, predios incorporados nos procedementos de polígonos agroforestais, aldeas modelo e actuacións de xestión conxunta, ou predios incorporados de forma voluntaria polas súas persoas titulares (sempre que cumpra cos criterios establecidos por Agader).

Para arrendar unha parcela é necesario facer unha solicitude de arrendamento. Esta solicitude tamén se pode facer directamente a través do **SITEGAL**. Para iso, unha vez identificada a parcela de interese, prémese sobre ela e, na nova páxina que aparece, debaixo do mapa no que se representa a parcela, atópase a opción "Solicitar arrendamento". O sistema permite elixir entre presentar a solicitude de xeito presencial nunha oficina de rexistro ou ben presentala de forma electrónica a través da **Sede electrónica** da Xunta de Galicia. Na primeira opción débese acudir ás oficinas centrais do Banco de Terras en Santiago ou dirixirse a calquera Oficina Agraria Comarcal para rexistrar a solicitude diante dun xestor.

A persoa solicitante ten a posibilidade de indicar se desexa arrendar a parcela por máis de 5 anos, nese caso a persoa propietaria deberá dar o seu consentimento. Unha vez rexistrada a solicitude de arrendamento, o Banco de Terras comunica se foi aceptada ou non, e indica cal sería o procedemento a seguir para formalizar o arrendamento en caso de aceptación.

As solicitudes soamente poden ser feitas en determinados momentos do ano. No momento de elaborar este documento nos arrendamentos ordinarios, ábrese dous períodos ao ano cunha duración de 15 días hábiles. O primeiro ábrese o 1 de Maio e o segundo, o 1 de Novembro de cada ano.

Ademais, o SITEGAL ten unha sección específica que permite indicar zonas nas que se ten interese por atopar terras. Nese caso, o Banco de Terras intentaría poñerse en contacto coa persoa que manifestou ese interese cando se incorpore e estea dispoñible no Banco algunha finca coas características indicadas.

O interese potencial das superficies dispoñibles no Banco de Terras é desigual e, con carácter xeral e no momento de elaborarse este documento, limitado. Porén, é un posible punto de partida que hai que considerar, especialmente atendendo ao seguinte:

- » Se ben as superficies dispoñibles, se consideramos o conxunto de Galicia, son reducidas tanto en cantidade como en calidade, nalgunhas zonas hai parcelas dun tamaño e estrutura atractivas
- » Como punto de partida, de acceso máis fácil comparativamente á procura por outras canles, as parcelas alugadas ao BTG poden ser a primeira fase nos comezos da explotación
- » O alugueiro ao BTG ten unhas condicións coñecidas, estables e, normalmente, razoablemente favorables para a persoa arrendataria.

Pola contra, é preciso ter en conta o seguinte para minimizar os aspectos negativos deste instrumento:

- » É necesario visitar as parcelas antes de proceder a alugalas, e avaliar a súa potencialidade produtiva real así como a posible existencia de limitacións. Isto é útil tanto para decidir a idoneidade en si, como para posibles reclamacións de actuación ao propio BTG
- » Analizar con detalle os prazos de solicitude e de posible resolución da mesma, e considerar como encaixan no plan de implantación previsto. Facer as adaptacións oportunas. É necesario ter en conta tamén as posibles actuacións de mellora física na(s) parcela(s).

Outra opción de posible interese que ofrece o BTG son os denominados arrendamentos pactados. Neste caso, o BTG intervén nun arrendamento xa acordado entre un propietario e un arrendador, actuando de intermediario igual que nos outros casos, pero respectando os acordos entre as partes. Nese caso, o arrendatario non tería que solicitar o arrendamento da parcela nos períodos habilitados ao efecto, nin a parcela chegaría a ser publicada como dispoñible polo BTG. Pola contra, a incorporación da parcela ao BTG por parte da persoa propietaria e o arrendamento da mesma pola arrendataria, faríanse no mesmo trámite. Deste xeito, propietario e arrendatario obterían os beneficios de xestión e garantía proporcionados polo BTG.

Prezos de referencia e informes de mobilidade

Os prezos de arrendamento do Banco de Terras son propostos pola Comisión Técnica de Prezos e Valores, e fíxanse por unidade de superficie en función da localización da parroquia e o tipo de terras. Poden consultarse por ano [aquí](#).

Tamén no **Observatorio de Mobilidade de Terras**, se conta con informes anuais acerca dos prezos e mobilidade da terra rústica en Galicia. Estes informes tratan de recoller, elaborar e difundir información anual sobre a mobilidade de terras rústicas en Galicia, á fin de mellorar a transparencia dos mercados e coñecer as dinámicas que se dan a nivel parroquial e municipal.

Fiscalidade, exencións

No referente á fiscalidade, no ano 2016 a Xunta aprobou o programa de impostos cero no rural, e posteriormente a **ORDE de 9 de febreiro de 2017** pola que se determinan as parroquias que teñen a consideración de

zonas pouco poboadas ou áreas rurais a efectos das deducións previstas nos apartados sete dos artigos 16 e oito do artigo 17 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo **Decreto legislativo 1/2011, de 28 de xullo** (Corrección de erros DOG, 23 de marzo de 2017).

No que se refire os terreos rústicos, establécese unha dedución do 100% por arrendamento de fincas rústicas (**artigo 16. Dous**), tamén á transmisión, arrendamento ou cesión temporal de terreos incorporados ó Banco de Terras de Galicia (artigo 16. Tres), así como a transmisión de solo rústico (artigo 16. Cinco) ou de explotacións agrarias con carácter prioritario (artigo 16. Seis)

Tamén no caso de agregacións, agrupacións ou segregacións para posterior agregación ou agrupación de fincas que conteñan solo rústico (artigo 17.Oito) e nos supostos de transmisións de elementos afectos a explotacións agrarias (artigo 17.Once)

Banco de explotacións

O **Banco de Explotacións**, xestionado por AGADER, é un instrumento de intermediación entre persoas titulares de explotacións agrícolas, gandeiras e/ou forestais que abandonan a actividade e persoas interesadas en incorporarse a ela. O obxectivo do mesmo é garantir a continuidade da explotación agraria.

A inclusión de explotacións no Banco iniciárase por solicitude de calquera persoa interesada cuxa explotación estea incluída no Rexistro de Explotacións. As solicitudes de incorporación irán acompañadas dunha declaración xurada da veracidade da información facilitada.

Unha explotación poderá estar incluída no Banco de Explotacións un período máximo de dous anos, contado a partir da data de abandono da actividade.

A persoa titular da explotación ou, de ser o caso, a persoa representante, deberá indicar a relación de parcelas e bens que forman parte da explotación, e poderá establecer un prezo de venda e/ou arrendamento para o seu conxunto, sen que este sexa un requisito obrigatorio.

Fiscalidade, exencións

Tal como se indicaba no apartado anterior, o programa de impostos cero no rural establece no caso das explotacións agrarias con carácter prioritario (**artigo 16. Seis**) que cando a base imponible dunha transmisión onerosa lle sexa de aplicación algunha das reducións previstas na **Lei 19/1995, de 4 de xullo**, de modernización das explotacións agrarias, aplicaráselles unha dedución na cota polo importe necesario para que dito beneficio fiscal acade o 100% do valor do ben obxecto de redución.

Permutas de especial interese agrario

Busca incentivar a mellora da estrutura das propiedades agraria. Deben cumprir un ou varios requisitos:

- » Que contribúan á adecuación dos usos do solo ás previsións do Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia.
- » As permutas de predios incluídas en procedementos de reestruturación parcelaria pública, ata a aprobación das correspondentes bases, e que poidan supoñer unha mellora da estrutura dos predios de substitución ou unha mellora ambiental. Neste caso, a totalidade das

parcelas partícipes deberán estar incluídas no perímetro da zona de reestruturación.

- » As empregadas como instrumentos de mobilización nos casos dos polígonos agroforestais, as aldeas modelo e as actuacións de xestión conxunta.
- » Que contribúan á eliminación de servidumes de paso.
- » Permutas onde interveña unha ou máis parcelas de Agader.
- » Aquelas permutas non incluídas nos casos anteriores, pero que sexan consideradas como de especial interese por resolución da dirección de Agader, logo dos informes dos servizos técnicos competentes.
- » As permutas que permitan ás persoas titulares de predios agroforestais eliminaren as parcelas enclavadas das súas terras, sempre que contribúan á mellora da súa sustentabilidade, cando se dean unha ou varias das seguintes circunstancias: explotacións amparadas por figuras de garantía de orixe e marcas de calidade de carácter oficial; as dedicadas á produción ecolóxica; explotacións gandeiras de carácter extensivo ou aquelas en que a eliminación das parcelas enclavadas contribúa a facilitar a súa extensificación; explotacións forestais que dispoñan ou estean incluídas en instrumentos de ordenación ou xestión forestal; explotacións gandeiras que requiran das parcelas enclavadas para a mellora da súa base territorial, especialmente na contorna das súas instalacións; a redefinición de límites ou consolidación da propiedade daquelas superficies inscritas no Sistema Rexistral Forestal de Galicia e sempre atendendo á lexislación vixente en materia de montes.

Permutas con modificación de estremas:

consisten na reestruturación dun conxunto de predios estremeros entre si, total ou parcialmente, pertencentes a un mínimo de dúas persoas titulares, de maneira tal que para a realización do procedemento se considere o conxunto das parcelas como unha única superficie e se efectúe unha nova repartición entre as partícipes, polo que cada persoa reciba unha ou varias parcelas de valor igual ao da súa achega, resultando a configuración final das parcelas diferente da inicial.

Permutas para eliminación de parcelas enclavadas:

as que sexan tecnicamente viables e teñan a cualificación de rústicas e como mínimo unha delas teña a consideración de enclavada, non existindo nela unha vivenda habitada ou en correctas condicións de habitabilidade.

Medidas de fomento das permutas de especial interese agrario:

» A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural promoverá que a execución das permutas de predios agroforestais de especial interese agrario se leve a cabo con carácter voluntario, e prestará asesoramento e mediación técnica.

» Declarada unha permuta ou conxunto de permutas como de especial interese agrario, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá:

- Realizar traballos de limpeza, posta en cultivo ou melloras, incluso de carácter permanente, nos predios obxecto de permuta, coa finalidade de favorecer a súa explotación racional.
- Asesorar ós permutantes no procedemento de permuta e nas súas consecuencias fiscais e patrimoniais.

c. Trasladar a actualización dos datos relativos aos predios permutados á entidade responsable da elaboración e mantemento do catastro rústico na Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do establecido no artigo 21.

d. No caso de parcelas enclavadas, utilizar, sempre que sexa posible segundo a súa localización, predios adscritos ao Banco de Terras para completar ata un 20 % das superficies que se poidan permutar.

» A consellaría competente en materia de medio rural poderá establecer liñas de axudas específicas de inmatriculación rexistral dos predios. Así mesmo, as permutas acollidas a este procedemento non precisarán de permisos nin licenzas de segregación.

Un exemplo do instrumento é o que se está a realizar no concello de Friol, onde a xunta vai **declarar de especial interese agrario** as permutas propostas por parte da veciñanza, o que permite sacar unha **liña de axudas para financiar**, entre outros, os gastos notariais e de inscrición no rexistro da propiedade.

Instrumentos de xestión e de recuperación de terras**Polígonos agroforestais**

Son un instrumento voluntario de mobilización de terras que ten como obxectivo o aproveitamento e recuperación produtiva de parcelas que se atopen en estado de abandono ou infrautilización ou sexan susceptibles de optimización, coa finalidade de constituír áreas de explotación que garantan a súa viabilidade, contando coa

existencia de axentes promotores públicos ou privados interesados. Tanto se son de iniciativa pública como privada deberá contarse co acordo das persoas propietarias de como mínimo o 70% das terras incluídas no perímetro do polígono proposto (agás nos cortalumes).

O polígono agroforestal cortalumes é un tipo específico de polígono agroforestal de iniciativa pública caracterizado pola súa aplicación exclusiva nas áreas cortalumes. Xustifícase a delimitación do seu perímetro con base na minimización da probabilidade de expansión dos incendios e da superficie afectada. A modo de resumo:

- » **Iniciativa pública ou privada**
.....
- » **Acordo dos propietarios (mínimo 70% da superficie, agás nos polígonos cortalume).**
.....
- » **Situación de abandono ou infrautilización (en mínimo do 50% da superficie de terras, agás excepcións). Para este cálculos non se computará a superficie en produción achegada por explotacións inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia ou no Rexistro de Montes Ordenados de Galicia. Poderán existir excepcións, como é o caso dos polígonos cortalumes.**
.....
- » **Poderanse levar a cabo procesos de reestruturación da propiedade para asegurar un tamaño mínimo das parcelas, que se fixará en función dos tipos de cultivos que se vaian producir no polígono. Tamén se poderán producir cambios de titularidade por compravendas ou permutas**
.....
- » **Execución en lotes ou en área única.**
.....
- » **Declaración de utilidade pública e interese social para a posta en marcha.**

» No caso de participación dun monte veciñal en man común, este terá dereito de veto sobre a resolución definitiva do citado polígono.

» **Rexistro público de polígonos agroforestais**


Polígonos de iniciativa pública:


- » **Procedementos de concorrencia competitiva. Que se aplicará sobre a superficie do polígono afectada polos compromisos de venda ou arrendamento.**
.....
- » **Os polígonos cortalumes serán de iniciativa pública.**
.....
- » **Serán zonas prioritarias para desenvolverlos:**
 - a. As zonas de concentración ou reestruturación parcelaria rematadas que presenten un abandono superior ó 50% do seu ámbito.
 - b. As áreas cortalumes.
 - c. Áreas que dende o inicio do proceso se acredite o acordo dun total de persoas propietarias ou representantes dos titulares dos dereitos de uso ou aproveitamento sobre as parcelas afectadas que supoñan un mínimo do 70% da superficie do perímetro.
 - d. Do resto de zonas: as de elevada aptitude agropecuaria segundo o Catálogo de solos, as que permitan a ampliación da base territorial das explotacións con terras estremeiras, terras acaídas para producións acollidas a indicacións xeográficas protexidas e denominacións de orixe.

Imaxe 22: Procedemento polígono de iniciativa pública | Fonte: AGADER



Imaxe 23: Procedemento polígono de iniciativa pública | Fonte: AGADER






Polígonos de iniciativa privada:

- » Deberán contar co acordo dun total de persoas propietarias ou representantes dos titulares dos dereitos de uso ou aproveitamento sobre as parcelas afectadas que supoñan un mínimo do 70 % do total de superficie incluída dentro do perímetro do polígono agroforestal.

Imaxe 24: Procedemento polígono de iniciativa privada | Fonte: **AGADER**





Agrupacións e actuación de xestión conxunta

Teñen como finalidades a xestión de terras de forma conxunta e sostible. Poderanse declarar de utilidade pública e interese xeral e non supoñerá a reorganización da propiedade dos terreos afectados. Deberase acreditar a disposición dos dereitos de uso dunha porcentaxe superior ó 70% da superficie das terras incluídas no ámbito da iniciativa. A superficie mínima para as agrupacións será de 10 ha.



Crease o Rexistro de Agrupacións Agroforestais de Xestión Conxunta. Poderán solicitar o recoñecemento como agrupacións de xestión conxunta as seguintes entidades:

- » Asociacións sen ánimo de lucro.
- » Sociedades civís e comunidades de bens.
- » Cooperativas e outra entidades de economía social.
- » Sociedades agrarias de transformación (SAT)
- » Sociedades mercantís reguladas na lexislación de sociedades de capital.
- » Sociedades de fomento forestal (SOFOR)
- » Calquera outra que teña por obxecto a recuperación, de forma conxunta, de terras agroforestais.

Aldeas modelo

Nas aldeas modelo procurárase a recuperación da actividade económica e social dos terreos de antigo uso agrícola, gandeiro e forestal circundantes á aldea, e particularmente daqueles que se encontren en situación de abandono e infrautilización, así como dos núcleos incluídos nelas, co obxectivo de permitir a súa recuperación demográfica e a mellora da calidade de vida da súa poboación. A solicitude para declarar unha aldea modelo corresponde ós concellos interesados. Deberase dispor do acordo das persoas titulares dos dereitos de aproveitamento dun mínimo do 70% da superficie.

Imaxe 25: Procedemento aldea modelo | Fonte: **AGADER**



Procedemento



2 Informe favorable do Banco de terras.

➤ Declaración da Aldea Modelo.

3 Declaración de utilidade pública e interese social.

- Redacción do ➤ **proxecto de ordenación produtiva.**
- Procedementos de investigación da titularidade e declaración de abandono.

4 Operacións de limpeza das parcelas adheridas.

- As parcelas excluídas voluntariamente: requisitos de limpeza e mantemento.

5 Selección das propostas (concorrenza competitiva).

6 Selección das propostas (concorrenza competitiva). Criterios de valoración:

- Complementariedade e a xeración de sinerxías.
- Orientacións produtivas preferentes.
- Ampliación de base territorial de explotacións existentes.
- Produción ecolóxica.
- Continuidade con outras iniciativas de mobilidade de terras.
- Compromiso de residencia.
- Prezo.
- Incorporación de mozos.
- Achegas de terras.
- Xestión forestal activa e sustentable.



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO




A experiencia de novas e novos entrantes en Galicia no acceso á terra

A EXPERIENCIA DE NOVAS E NOVOS ENTRANTES EN GALICIA NO ACCESO Á TERRA

As granxas de persoas NE identificadas no proxecto TERRACTIVA teñen unha dimensión relativamente cativa, cun 60% con menos de cinco hectáreas. Porén, esta proporción é moi semellante ao conxunto das explotacións agrarias que, segundo o Censo Agrario do 2020, é do 65% (INE, 2022). O grupo máis numeroso na mostra de NE é o de menos dunha hectárea, que representa o 31% do total. Un 28% do total manifesta ter tódalas terras en propiedade, a maioría deles nos estratos de menos dimensión -case a metade no de menos de 1 ha-. As persoas que declaran ter en propiedade menos dun 25% da superficie alcanzan o 41%, e aparecen con relativa maior frecuencia nos estratos de maior tamaño.

Imaxe 26: Porcentaxe de propiedade das terras en función do tamaño da explotación en ha

Fonte: elaboración propia



Con todo, a maioría de NE inventariadas desenvolven a súa actividade en terras vencelladas á súa familia -ou comezan o proceso con esa idea-, en ocasións xa da súa propiedade por herdanza. Así, nun 68% dos casos a superficie utilizada, cando menos en parte, pertence á familia e isto dáse tanto nos

casos nos que algunha persoa da familia desempeña ou ten desempeñado actividade agraria como nos que non -un terzo do subconxunto-. É dicir, a existencia de terras no contexto familiar semella ser un elemento fundamental na construción da base territorial, mesmo sen pasado agrario recente.

Esas terras semellan representar o punto de partida clave para moitas NE, sexa como base de partida, como orixe dunha oportunidade de negocio e mesmo como motivación para varios deles/as. Nun terzo das persoas entrevistadas, o mantemento do patrimonio familiar identifícase como unha das principais motivacións para comezar coa actividade.

As terras familiares tamén son relevantes en termos cuantitativos. Representan máis dun 50% da base territorial en aproximadamente o 40% das NE inventariadas.

A partir dos terreos familiares comézase a expansión, fase na que a dificultade de acceso á terra se percibe como máis dificultosa para algunha persoa entrevistada.

Porén, noutro 32% dos casos, a base territorial non procede da unidade familiar, se ben en aproximadamente un terzo deses casos o NE ten a propiedade de boa parte desas terras que, polo observado nos entrevistados, se tería obtivo fundamentalmente por adquisición -en xeral en producións que precisan pouca base territorial-. A inversión de aforros é mencionada como a vía de acceso nalgunha das entrevistas.

Os casos nos que a NE se asenta en terreos que non proceden da súa unidade familiar nin son propiedade directa (ou o son en pequena proporción) representan arredor dun 20% do conxunto inventariado. Polo observado nas entrevistas, esa situación é frecuente no caso

de NE que se incorporan nun territorio diferente ao de procedencia ou residencia anterior. Ademais, quen non xestionan ningunha superficie en propiedade, propia ou da familia, só supoñen un 9% da mostra. Polo tanto, como conclusión xeral, á vista da información obtida obsérvase como a existencia de propiedade familiar ou propia, mesmo por adquisición como vía de acceso, semella ser clave para conformar a base territorial da explotación nas persoas NE inventariadas.

Ademais das terras do núcleo familiar ou propias, unha vía de acceso que aparece con frecuencia é a rede de contactos previa de cada NE, que determina a localización dos primeiros terreos para comezar. A partir de aí, o establecemento de novos contactos e relacións no emprazamento, permitiría ampliar a superficie dispoñible, nunha segunda fase de consolidación.


Destaca a pouca presenza das superficies comunais (en tan só un 5% dos casos inventariados). De feito, a dificultade de acceder a este tipo de superficies para iniciar

a actividade menciónase explicitamente por algunhas das persoas entrevistadas – fundamentalmente mulleres, que resaltan a fenda de xénero en comunidades masculinizadas –, o que apunta cara outro ámbito de desenvolvemento potencial, tendo en conta a importancia territorial dos MVMC en moitas partes de Galicia e tamén o seu estado de xestión deficitario en numerosos casos. Porén, para algúns perfís de NE con actividades gandeiras e bases territoriais de maior tamaño, o MVMC representa unha parte importante da súa superficie (aparece nun terzo das explotacións con máis de 50 hectáreas).

O Banco de Terras tamén ten sido unha vía de acceso á terra para algunha persoa NE identificada. Porén, o grao de satisfacción declarado é reducido, derivado da mala calidade das terras obtidas e da excesiva duración dos procedementos para o aluguer.

Imaxe 27. Cualificación da dificultade ó inicio da actividade de diferentes aspectos (1 é pouca dificultade e 5 moita dificultade) por parte dos 17 entrevistados

Fonte: elaboración propia



A incorporación de novas e novos entrantes (NE) na agricultura supón aínda maiores retos que o relevo clásico. En moitas ocasións non contan con experiencia agraria ou coñecementos, non teñen conexións directas co medio rural e tampouco terras. Porén, un dos maiores retos para este colectivo en Galicia é o acceso á terra, suficiente en cantidade e calidade. A guía de apoio de acceso a terra recolle unha serie de recomendación a modo de guía e inventario de recursos prácticos para orientar as organizacións que prestan apoio a NE nas diferentes fases, e que poden ser de axuda ás mesmas para reflexionar sobre o presente e tamén o futuro no tocante ao acceso as terras.

Da análise da experiencia de NE, a busca de terras asemella moi dependente do contexto e a conexión de cada persoa NE co mesmo. Tamén da existencia de aforros para acceder a ela, e do coñecemento do mercado.

Do observado dedúcese que as terras propias, da familia e/ou achegados soen ser o punto de partida. Serán un comezo máis ou menos sólido en función de aspectos como:

- » A importancia que cada NE lle dá a poñer en valor e/ou manter en boas condicións o patrimonio familiar. Canto representa este aspecto no conxunto de motivacións de cada NE?
- » A localización, tanto en relación á residencia desexada, como á súa idoneidade para a produción perseguida.
- » As súas características estruturais.
- » Da existencia de aforros e coñecemento do mercado

Da experiencia das persoas NE entrevistadas conclúese que, aínda que no punto de inicio (fase de instalación) estas terras poden parecer suficientes, na medida en que cada NE avanza na fase de consolidación da actividade, e máis se cabe na fase de expansión, as necesidades de terra tanto en cantidade como en calidade aumentan (e tamén poden variar), aparecendo barreiras que non se percibiran como tales nos comezos:

- » Baixa calidade dos terreos que non permiten optimizar a actividade.
- » Dificultades de acceso a auga, moi importante en actividades como a hortícola.
- » Dificultades para mellorar a estrutura da propiedade.
- » Dificultades para incrementar a base territorial.

Porén, é importante pensar a 3-5 anos vista, e propoñer unha serie de cuestións relativas a terra: serán suficientes? De non se-lo, que posibilidades se estiman de conseguir máis no entorno (no entorno razoable en función da produción)? Que nivel de competencia pola terra hai? Que contactos-conexións ten unha ou un NE para poder acceder a máis? Ten recursos para adquirir máis? Que oferta e prezos hai? Ten calidade suficiente? Precísase que conte con algún recurso (acceso a auga, tamaño mínimo...)?.





TERRACTIVA

GRUPO OPERATIVO



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN

